

## **CONTRATO MENOR DE SUMINISTRO PARA A ADQUISICIÓN DE UNIFORMIDADE PARA O PERSOAL ADSCRITO Á INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO QUE DESEMPEÑA OS POSTOS DE UXIER E CONDUTOR**

### **Expediente núm. 19/2022**

Solicítase o envío de ofertas para a contratación da subministración de pezas de uniforme para o persoal adscrito á institución do Valedor do Pobo que desempeña os postos de uxier e condutor, coas características e polo orzamento máximo unitario que de seguido se sinalan, dentro dun prazo que rematará ás 14:00 horas do martes, 28 de xuño de 2022.

Transcorrido o referido prazo de 10 días, á vista das ofertas recibidas, procederase á adxudicación do contrato.

A adxudicación atenderá ao prezo das ofertas presentadas, así como á calidade dos tecidos en materiais e á confección, deseño e adecuación das prendas ao traballo desempeñado polo persoal e, no caso dos zapatos, á calidade e tipo de pel, sola e forro interior.

Por tanto deberán describirse detalladamente as prendas ofertadas (para o que será suficiente remitir copia ou fotografía das etiquetas) e remitir mostras das mesmas para que poidan ser valoradas. As mostras serán devoltas ao licitador, no momento no que se adxudique o contrato.

No caso de que non sexa posible remitir mostras, deberá remitirse fotografías das pezas ofertadas.

### **1.- Obxecto do contrato.**

Constitúe o obxecto do presente contrato a adquisición para os exercicios 2022-2023 de diverso vestuario para o persoal adscrito á institución do Valedor do Pobo que desempeña os postos de uxier (1) e condutor (1), tendo en conta a natureza dos seus postos de traballo e as funcións que desempeñan.

Este persoal está formado por dous homes que teñen unha estatura entre 1,70 e 1,80, sendo facilitadas as medidas concretas no momento da contratación.

A subministración inclúe tanto os uniformes de verán como os de inverno (2 uniformes masculinos por cada estación).

- Código nomenclatura CPV: 18300000-2, Prendas de vestir.
- Código CPA-2002: Grupo 18.2, outras prendas de vestir e complementos en téxtiles.
- Código NACE: Sección C, Industria manufactureira, División 14, Confección de prendas de vestir, Grupo 14.12, Confección de roupa de traballo.

### **2.- Características do subministro**

O uniforme comprenderá as seguintes pezas:

## 2.1 Uniforme para o posto de uxier.

### 2.1.1.- Uniforme de verán

- 1 americana masculina, en tecido liso e tonalidades escuras, de algodón ou algodón e tecidos elásticos que permitan a mobilidade do usuario.
- 2 pantalóns masculinos, en tecido liso e de cores combinables coa americana, de algodón ou algodón e tecidos elásticos que permitan a mobilidade do usuario.
- 4 camisas masculinas de verán, de cor branca ou azul, de fácil lavado e pranchado.
- 3 niquis para varón ou polos de punto piqué, de algodón e/ou elastán ou outro material elástico e fresco .
- 1 garabata lisa ou con prints discretos que combinen coas cores da institución.
- 3 pares de calcetíns de cor gris ou negro 100% algodón.

Todas as prendas deben garantir que non encollen, destiñen e que os tecidos non fagan bola, sexan de fácil mantemento e pranchado.

Orzamento máximo por unidade, IVA excluído.

<b>PRENDA</b>	<b>PRESUPOSTO UNIDADE (IVA excluído)</b>
Americana masculina	170 euros
Pantalón masculino	91 euros
Camisa	47 euros
Niqui	37 euros
Garabata	34 euros
Calcetíns	9 euros
<b>Total</b>	<b>388 euros</b>

O orzamento deberá incluír o custo de adaptación das prendas que sexa preciso modificar para adaptalas ás medidas do persoal.

### 2.1.2.- Uniforme de inverno

- 1 parka, en tecido liso e tonalidades escuras, máximo 50% Poliéster, con forro (preferentemente desmontable) e petos interior e exterior. Se presentarán varios modelos en canto aos deseños de parka, feitura e tecido.
- 1 americana masculina, en tecido liso e tonalidades escuras, de sarga ou en calquera caso con tecidos elásticos que permitan a mobilidade do usuario, con forro, 75 cm de largo mínimo.

-2 pantalóns masculinos, en tecido liso e de cores combinables coa americana, de sarga en calquera caso con tecidos elásticos que permitan a mobilidade do usuario.

- 4 camisas masculinas de inverno, de manga larga, cor branca ou azul, de fácil lavado e pranchado.

- 1 garabata lisa ou con prints discretos que combinen coas cores da institución.

- 4 pares de calcetíns de cor gris ou negro 100% algodón.

Para todas as prendas se debe garantir por escrito que non encollen, destiñen e que os tecidos non fagan bola, sexan de fácil mantemento e pranchado.

Orzamento máximo por unidade, IVA excluído.

<b>PRENDA</b>	<b>PRESUPOSTO UNIDADE (IVA excluído)</b>
Parka	310 euros
Americana masculina	170 euros
Pantalón masculino	91 euros
Camisa	47 euros
Garabata	34 euros
Calcetíns	9 euros
<b>Total</b>	<b>661 euros</b>

O orzamento deberá incluír o custo de adaptación das prendas que sexa preciso modificar para adaptalas ás medidas do persoal.

## **2.2.- Uniformes para o persoal condutor (TALLAS ESPECIAIS).**

### **2.2.1.- Uniforme de verán**

-1 traxe de chaqueta completo de home.

-5 camisas brancas ou azuis. Camisas de verán, de fácil lavado e pranchado.

-2 garabatas lisas ou con prints discretos que combinen coas cores da institución.

-4 pares de calcetíns de cor gris ou negro 100% algodón.

Para todas as prendas se debe garantir por escrito que non encollen, destiñen que os tecidos non fagan bola, sexan de fácil mantemento e pranchado.

Orzamento máximo por unidade, IVA excluído.

<b>PRENDA</b>	<b>PRESUPOSTO UNIDADE (IVA excluído)</b>
Traxe de chaqueta masculino	335 euros

Camisa	47 euros
Garabata	34 euros
calcetíns	9 euros
<b>Total</b>	<b>425 euros</b>

O orzamento deberá incluír o custo de adaptación das prendas que sexa preciso modificar para adaptalas ás medidas do persoal.

### 2.2.2.- Uniforme de inverno

- 1 parka en tecido liso e tonalidades escuras, máximo 50% poliéster. Con forro (a poder ser desmontable) e petos interior e exterior. Se presentarán varios modelos en canto aos deseños de parka, feitura e tecido.
- 1 traxe de chaqueta completo de home.
- 5 camisas brancas ou azuis. Camisas de inverno, de fácil lavado e planchado.
- 2 garabatas lisas ou con prints discretos que combinen os cores da institución.
- 3 pares de calcetíns de color gris ou negro 100% algodón.

Para todas as prendas se debe garantir por escrito que non encollen, destiñen que os tecidos non fagan bola, sexan de fácil mantemento e pranchado.

Orzamento máximo por unidade, IVA excluído.

<b>PRENDA</b>	<b>PRESUPOSTO UNIDADE (IVA excluído)</b>
Parka	310 euros
Traxe de chaqueta masculino	335 euros
Camisa branca	48 euros
Garabata	34 euros
Calcetíns	9 euros
<b>Total</b>	<b>736 euros</b>

O orzamento deberá incluír o custo de adaptación das prendas que sexa preciso modificar para adaptalas ás medidas do persoal.

### 2.3. Calzado de home en cor negro, pel e forma lisa, interior forrado, cos materiais adecuados para cada estación.

Ofertaranse 3 modelos diferentes de zapatos, un con cordóns, outro sen cordóns e un terceiro apto para a súa utilización con soletas e caracterizado polo seu especial confort.

O persoal elixirá, de entre as propostas e no momento de execución do contrato, o modelo individual de zapatos.

Orzamento máximo por unidade, IVA excluído: **145 euros o par.**

Número de pares de zapato: 4 pares de zapatos (2 pares de zapatos por cada estación).

**Etiquetaxe:** Todas as pezas irán etiquetadas de acordo co establecido no Real Decreto 928/1987, de 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles. No etiquetado figurará, por tanto, a identificación do responsable do produto así como a súa composición.

### **3.- Orzamento e valor estimado do contrato**

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de tres mil trescentos setenta e cinco euros con noventa céntimos (3.375,90 €), dos que dous mil setecentos noventa euros (2.790 €) corresponden ao prezo máximo da subministración e os restantes cincocentos oitenta e cinco euros con noventa céntimos (585,90 €), ao IVE (21%).

Entenderanse incluídos no prezo os traballos de adaptación e axuste das prendas adquiridas.

De conformidade co artigo 309 da LCSP, a determinación do prezo do contrato realizouse o sistema de tanto alzado segundo prezos de mercado.

Para a determinación destes prezos tivéronse en conta os prezos resultantes da anterior licitación, así como a variación do IPC na Comunidade Autónoma de Galicia, dende xuño de 2018 a marzo de 2022 (11,2 %).

O valor estimado do contrato correspóndese co seu prezo máximo. O gasto é imputable á partida 01.02.111B.221.04 do orzamento do Valedor do Pobo para o exercicio 2022, na que existe crédito axeitado e suficiente.

### **4.- Duración do contrato**

Iniciarase coa aprobación do gasto e comunicación ao adxudicatario e finalizará coa sinatura da acta de recepción/conformidade dos bens subministrados. O contrato entenderase cumprido polo contratista cando tivese realizado a súa totalidade, de acordo cos seus termos e a satisfacción desta institución.

### **5.- Execución do contrato**

O subministro deberá de facerse nun máximo de 4 semanas dende a aprobación do gasto e comunicación ao adxudicatario e realizarse nas dependencias do Valedor do Pobo, situado na rúa Hórreo, núm. 65.

A toma de medidas para a adaptación das prendas que sexa preciso modificar para adaptalas ás medidas do persoal, realizarase na sede da Institución (rúa Hórreo 65, 15701, Santiago de Compostela) ou no lugar proposto polo adxudicatario que será aprobado pola Institución, sempre que non implique desprazamentos excesivos do persoal.

O contrato executarase mediante dúas entregas, en función da época do ano, verán ou inverno, que corresponda aos uniformes a subministrar.

### **6.- Pagamento**

O pagamento do contrato realizarase á entrega de cada uniformidade, verán e inverno, no importe que resulte para cada unha delas e previa presentación de factura regulamentaria e recepción de conformidade desta, nos termos e condicións previstos nos artigos 198 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As facturas expedidas polo contratista serán presentadas, acompañadas por un certificado de conta, no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Xunta de Galicia, cos códigos DIR que identifican á Valedora do Pobo no SEF:

CIF	RECEPTOR	ENTIDADE	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDADE DE CONTRATACIÓN	OFICINA CONTABLE	ORGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
S6500009C	VALEDORA DO POBO	VALEDOR A DO POBO	VALEDORA DO POBO	VALEDORA DO POBO	A12004691	A12004691	A12004691

#### 7.- Prazo de garantía

Fíxase un período de garantía de 2 meses. Si durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, o Valedor do Pobo terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente. No caso de que os defectos observados nas pezas e zapatos subministrados sexan de tal magnitude que os faga manifestamente inadecuados para o seu fin, o Valedor do Pobo poderá rexeitalos, e terá dereito á devolución do prezo abonado.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Santiago González Serrano

**Xefe do Servizo II**